



ROTEIRO POR CANGAS DO MORRAZO A COSTA DA VELA



Remataremos os roteiros desta tempada visitando un fermoso lugar da península do Morrazo situado entre as rías de Vigo e Pontevedra: **A COSTA DA VELA**. Representa o tramo litoral máis agreste das Rías Baixas, coa excepción das illas que están na súa fronte: Cíes e Ons. Neste tramo de costa, os cantís son dominantes, pero tamén acolle ás praias máis salvaxes da ría de Vigo. Trátase dun espazo natural integrado na Rede Natura.

Comezaremos a ruta subindo desde **Donón** ao o **monte Facho**, que ofrece unha ampla e fermosa panorámica das Rías Baixas. Este mítico lugar representa un importante xacemento castrexo e romano obxecto de recentes escavacións. Ademais, foi un punto destacado para a navegación e a caza de balea durante varios séculos. Dependendo das condicións meteorolóxicas e do interese dos participantes, optaremos por coñecer a metade sur do espazo natural (**Cabo Home e praias e dunas de Barra, Viñó e Nerga**) ou ben a máis descoñecida e abrupta metade norte, dominada polas matogueiras de cantil e xesteiras inzadas de porcos bravos, até chegar a **Punta Couso**, onde se abre a ría de Pontevedra a través da fermosa **Enseada de Aldán**. Dado que no lugar non faltan feiticeiras praias, contéplase a posibilidade de tomar un refrescante baño ao remate da xornada ou, incluso, ao longo da mesma.

Lonxitude: 9 km.

Dificultade: media.

DOMINGO, 10 de XUÑO 2018

Xeral.....	18 €
Socios/as.....	12 €
Estudantes e no paro.....	15 €
Ata 14 anos.....	5 €

Saída: Facultade de Formación do Profesorado (Av. Ramón Ferreiro) ás **8 horas**.

Reserva: chama previamente ao **679113718** ou ao **982240299**.

Levar: Roupa e calzado axeitados e **comida** para o camiño. Tamén se aconsella levar protección solar así como roupa de baño.

